





# O entroido



# en



# Ourense



CEIP Nosa Sra de Xuvencos  
3º Ciclo de Primaria  
Curso 2010/2011

## O ENTROIDO

O Entroido é unha festa popular que ten a súa orixe como indicación da fin do inverno e o comezo da primavera. Nel conflúen rituais cristiáns e pagáns, sendo a época na que se poden romper tódalas normas, cambiar de personalidade ou identidade e ironizar sobre as institucións máis asentadas. É, sen dúbida, a festa máis irreverente do calendario galego. Foi por iso que se prohibiu durante a época franquista, malia que se mantivo vivo nas aldeas.


Os entroidos máis famosos do país son, sen dúbida, os ourensáns. Laza, Verín e Xinzo convértense por uns días nas capitais de Galiza. Os peliqueiros e cigarróns centran a atención dos visitantes, pero a dúbida asalta ao preguntármonos pola súa orixe: hai quen di que veñen dos cobradores de tributos dos condes de Monterrei, que posuían unha zamarra coa que castigaban aos morosos que non pagasen a tempo. Sen embargo, tanto Vicente Risco coma Bouza Brey viron neles unha orixe moito máis antiga. Risco cría que proviña das asociacións segredas primitivas ou de ritos sagrados e Bouza supón que as súas orixes pertencen á prehistoria, coma unha evolución de vellas cerimonias tribais.



COLORIAGES.BIZ

## PROTAGONISTAS DO ENTROIDO

Os protagonistas do Entroido na Provincia de Ourense: as "**Pantallas**" de Xinzo de Limia, os "**Peliqueiros**" e "**Cigarróns**" de Laza e de Verín, a "**Morena**" de Laza, os "**Felos**" de Maceda, as "**Tamborradas**" e a "**Mula**" de Viana, os "**Folións**" e "**Boteiros**" de Vilariño e Viana, a "**Mázcara**" de Manzaneda, os "**Vergalleiros**" de Sarreaus, os "**Troteiro**" de Bande, os "**Charrúas**" de Allariz, os "**Murrieros**" de A Teixeira, o "**Oso**" o "**Toro**" e o "**Xigante**" do Bolo, as "**Bonitas**" de Cartelle, as "**Abutardas**" de Sande, as "**Mascaradas**" de Maside, os "**Bobos e Pallasos**" de Beariz, os "**Irrios**" de Castro Caldelas, os "**Borralleiros**" de Cortegada, a "**Vacaloura**" do Barco de Valdeorras, os "**Galanes e Madamitas**" de Entrimo, os "**Labardeiros**" de Mugares, a "**Pita**" de Eiroás, os "**Fargalleiros ou Zamarreiros**" da zona limítrofe do Bierzo...a parte, tamén, do Entroido **urbanos**". Sen esquecermos dos felos, corozas e rodos de Boborás.



En Galiza tamén hai que destacar os "**xenerais**" en Boqueixón, Vedra, A Estrada, Vila de Cruces e Silleda, as máscaras traballadas dos **Volantes** en Chantada.

## BOBORÁS

**Felos, corozas e rodos**, é o típico da zona. Todas estas máscaras son dun gran colorido, os felos, por exemplo, son un disfrace moi vistoso e pouco caro.

Outro disfrace típico é a **coroza**, que tamén utilizan os gandeiros para resgardarse do frío. Consta de tres partes, o carapucho, o corpo e as polainas. Está realizada con xuncos.


O **rodo** non é precisamente un disfrace senón unha forma de correr o entroido.

De todos xeitos, en Boborás, ata non fai moito, o cabalo tiña un forte protagonismo, xa que era un animal que abundaba nestas terras.



**Tes que buscar máis información sobre estas tradicións na túa casa ou pobo.**

## MACEDA.



O seu personaxe é o **FELO**, que alguén denominou como “irmán xemelo do cigarrón”.

O Felo de Maceda aseméllase, aínda que con elementos externos diferentes, coa indumentaria convencional dos Peliqueiros de Laza e Cigarróns de Verín. Calcetíns de lá brancos, medias negras, ringleiras de borlas de distintas cores, colcha con freques claros arredor do van, rabo de zorro nó alto da mitra, “collares” varios e caxato como arma intimidatoria, conforman as súas particularidades iconográficas; máis primitivas e masculinizadas na parte inferior cás do tronco común. Aconséllase pintar na mitra animais ou aves da Serra de San Mamede e non fauna nin motivos alleos.



As orixes da máscara remóntana algunhas fontes ás festas pagás da Protohistoria: sociedades tribais, tótems, feitizos de fecundidade e caza, ritos de iniciación. Outras déixano nas hedonista da Roma imperial. Os medievalistas, na época dos bufóns e dos impostos feudais arredor dos castelos, Reminiscencias precristiáns; culto ao viño e ao pracer; connotacións sociais e relixiosas do medievo.

O termo felo ten difícil interpretación. É sinónimo de máscara.

Antes saían os Felos illadamente ao comezo do ano dende as aldeas do val e da serra. Logo, instauraron o Domingo Fareleiro (enfouzaban con farelos os viandantes), o Domingo Corredoiro (tinguían á xente cunha bola de ferruxe dos potes e tinta dunha barreira ) e o Sábado, Domingo e Martes de Entroido. Dezasete días de transmutación de valores na bisbarra de Maceda onde a gastronomía tamén conta: O Domingo de Entroido, cachucha, rabo, unllas, chourizos, grelos, garavanzos, patacas e tintos espesos do país, preferentemente en xerras e cuncas de barro de Tioira ou Niñodagua. O martes, cabrito ao forno con patacas. De sobremesa orellas ou filloas con mel.

Pululaban os Felos a pé divertíndose de aldea en aldea. O son provocativo das chocas disuadía os lobos nas perigosas noites de invernia. Logo invadían a vila e non se afastaban da zona. Bebían ovos con viño para soportar o inmenso desgaste físico. Non pedían diñeiro. Tampouco destapaban a carauta diante da xente. Perseguían aos que se metían con eles. As mulleres chacoteábanos. Faldriqueaban con elas co caiado nun flirteo cómplice xeralmente admitido. Lucían traxes de solteiros. Algúns pasaban máis dunha semana disfrazados día e noite polas aldeas. Durmían nas palleiras. Só demandaban comida e bebida nas casas para continuar o trouleo.

A máscara, de sorriso retranqueiro, representa a virilidade máis fidedigna. O Felo da medo. Pódeselle insultar, pero endexamais tocar nin tentar sacarlle a carauta. Son a autoridade nestas datas. O seu espírito anárquico e rebelde, estase modificando. Hoxe saen en grupos. Os cativos da vila tamén. Incorporáronse na década pasada. Algúns sitúanse estratexicamente nas entradas de Maceda e intimidan aos que entran e saen nos coches para que lles solten cartos. Descóbreuse. Introducen outros costumes. Novos tempos que, nalgúns xestos, chocan coa tradición.


## XINZO DE LIMIA.

Ten como personaxe central a PANTALLA cuxo atuendo considérase incompleto sen as clásicas vexigas, que ha de repoñer cada vez que se rompan. A máscara esta feita con cartón, xornais e fieltro e pégase todo cunha mestura de fariña e auga. Da parte de atrás sae un corno que se decora con motivos astrais, animais, .... A Pantalla viste calzón longo e camisa ou camiseta brancos. Nas pernas unhas polainas negras e na cintura unha faixa encarnada. Polo lombo cae unha capa de seda encarnada ou negra con fitas de cores. No pescozo, un pano da cabeza de muller, atado na parte de atrás. A faixa axuda a amortecer o peso dun cinto de campaiñas e cascabeis moi pesado.



Os días máis relevantes no Entroido antelán son: domingo fareleiro, domingo oleiro, domingo corredeiro, luns e martes de entroido. Considérase comezo oficial o día de San Sebastián.

En Xinzo ten lugar un concorrido desfile o día grande, o martes; encabézaos por moitas pantallas, ás que seguen: banda de gaitas, banda de música e varias charangas intercaladas entre as numerosas carrozas e grupos de xente disfrazada pola vella moderna con indumentarias alusivas a personaxes de actualidade, circunstancias etc. Ao mesmo tempo a atención céntrase na pantalla.



## SARREAU.S.

O personaxe é aquí o VERGALLEIRO. Figura de gran vistosidade pola súa indumentaria, de esmerada execución. Cada vergalleiro porta un corno de vacún que fai soar durante a súa actuación e un vergallo ("látigo" fabricado con xenitais de bois ou cabalos).

O Vergalleiro é típico de Sarreaus, onde tamén ó entroido é moi soado. Esta figura, equivale ao cigarrón ou peliqueiro, pero como se ve na fotografía presenta as súas diferenzas. O traxe leva unha camisa de liño con tres cintas entrelazadas de cor verde, negra e vermella; un chaleco de fieltro negro e polainas tamén negras con borlas vermellas, que van desde o xeonllo aos pés. Faixa tamén vermella, colgando chócalas ou campás pequenas e borlas negras. O corno de vaca é imprescindible para chamar co seu son á festa. A careta está feita en cartón e decorada con motivos animais ou celtas.



O Entroido en Sarreaus convoca multitude de visitantes que participan de forma activa no desfile, acabado o cal oriúndos e forasteiros reúnen nunha comida campestre de irmandade, sendo costume proporcionar a cada asistente unha xerra de barro, que logo se levará como recordo.

## VERÍN.

Aquí atoparemos un personaxe chamado o CIGARRÓN.



Tocado cunha especie de mitra-máscara, cun vistoso e elaborado traxe, porta unha fusta coa que simula azoutar á xente, sendo costume, como noutros Entroidos, embadurnar con fariña respectando ao visitante que non participa, ou reducindo a acción quedando nun mero xesto simbólico.

Chama a atención o seu peso do disface, que supera os 17 Kg. A máscara é de madeira, ten a mitra rodeada de “crines” de cabalo e dous pompóns colgandos. Está decorada con motivos animais e na parte traseira leva unha trenza ou rabo.

Os días sinalados son: xoves de “compadres”, domingo “corredoiro”, xoves de “comadres”, domingo “gordo”, luns e martes. O Entroido dura realmente oito días. É costume embadurnar con faiña.


O domingo, o día grande, ten lugar o desfile de cigarróns, con afluencia moi grande de espectadores. O seguinte volta ter lugar o martes. Nestes desfiles toman parte elementos de actualidade, así como disfraces con orixe nos acontecementos notables acontecidos ao longo do ano. Declarado de Interese Turístico, pasa por ser un dos Entroidos máis ancestrais de Galicia.

## LAZA.

Temos o PELIQUEIRO como personaxe central. Pero aquí existen outros personaxes secundarios a morena e o maragato.

Os días finais do Entroido denomínanse en Laza de xeito distinto, así temos día dá borralleira, coa farrapada e a xitanada do burro.

En Laza, e as súas parroquias, sae tamén a Morena. É a representación dunha vaca. A cabeza está feita de madeira e os cornos son auténticos. Os ollos e a lingua son dun encarnado forte. A Morena arremete contra a xente e especialmente contra as mulleres con saias, que tenta levantar cos seus cornos. Os mozos que a escoltan levan fariña para emporcallar á xente e un saco con formigas rabiosas. Este armamento tentan colocarllo entre as roupas aos veciños, que saen á rúa cun vestiario ben hermético.



O martes ten lugar a lectura do Testamento do Burro. Un pregoeiro montado nun burro le unhas coplas burlonas e satíricas que recordan con sorna os aconteceres da vila desde o entroido anterior. Todos os veciños deben asistir ao Testamento do Burro.

O cigarrón adoita levar unha fusta ou zamorra, símbolo de autoridade, coa que se abre camiño, saúda ou pega. Como é de esperar non falta a celebración gastronómica; ten lugar o sábado anterior ao domingo gordo. Nela se degusta o cabrito, ademais dos derivados do porco e a sobremesa específica. Os lugareños enorgúllense do seu Entroido, e enfatízano situando a súa orixe na prehistoria.

## VILARIÑO DE CONSO.



A principal característica do Entroido de Conso é a participación da maioría dos pobos que compoñen o municipio. Cada lugar ten o seu folián, constante que atoparemos en todos os concellos de montaña. O folián consiste nunha agrupación na que figura en número considerable o personaxe central o **BOTEIRO**, ademais dos peliqueiros, e comparsas.

O boteiro porta unha enorme máscara que pode ter formas distintas, sendo a máis singular a formada por un gran rectángulo primorosamente adornado con flores de papel, o seu peso é moi elevado, sendo de difícil porte. Está feita de madeira de bidueiro, pintada de negro e o bico vermello. Leva unha camisa bordada con infinidade de anacos de fitas de cores formando distintas figuras xeométricas (dá traballo a dúas mulleres durante 25 días o facer a camisa). O pantalón, xeralmente encarnado, con flecos nos laterais. Sobre o cinto leva as esquilas, campaiñas do gando que ao moverse producen un tintineo. Tamén leva un báculo, símbolo do poder, xeralmente con dibuxos helicoidales, e no remateponse a cola da raposa. No tempo que media entre advento e quincuaxésima, ás noites, adoita saír o folián que con enormes bombos, cornas e apeiros de labranza desfila polas rúas con compasado ritmo, cada aldea pode identificarse polo seu sendo enxordecedor o son.

Días notables son os xoves de lardeira ou lardeiro (tamén compadres e comadres) e domingo gordo, luns e martes de Entroido. O domingo gordo ten lugar unha concentración de todos os foliáns na capital municipal. A medida que se van concentrando e a sonoridade vai en aumento o visitante séntese “electrizado” e pronto estará mesturado no folián.

Despois do desfile da mañá ten lugar unha comida popular cabrito e chourizos, que congregan milleiros de persoas.



## VIANA.

Do mesmo xeito que en Conso atopámonos como personaxe ao **BOTEIRO**. O seu traxe de costosísima realización ten na súa confección máis de mil metros de cinta; a máscara e o seu conxunto son de belo colorido. A máscara pesa varios quilos e está formada por unha pequena careta tallada en madeira que presenta un gran sorriso. Sen dúbida o que máis a caracteriza é a enorme figura xeométrica que se eleva da careta feita con cartón e arames recuberto de cintas de moitas cores. Semellante no conxunto e na forma ao Entroido de Conso ten gran afluencia. Nútrese dos pobos do Concello. Folián, grandes bombos, sachos, gadañas, cornas, trespés, etc. resoan nas rúas da vila, maiormente o domingo gordo no que ten lugar o desfile de boteiro e carrozas. Remátase coa festa gastronómica da androlla, especial e infrecuente variedade culinaria das comarcas nororientais da provincia e sur do Bierzo. Esta festa congrega a un gran número de asistentes de toda a provincia. Común a todos os municipios limítrofes, entre os seus personaxes están tamén a mula, o peliqueiro, etc.



## MANZANEDA.



O Entroido consérvase de forma particular no súa parte oriental e con notable grado de pureza, experimentando actualmente un forte impulso. O personaxe principal é a **MÁZCARA**, outros personaxes son peliqueiro, mula e boi. O Entroido comeza tradicionalmente na festividade de San Amaro coa saída do folián como se dixo en Conso. Os días significativos son tamén os mesmos. Ten no entanto unha peculiaridade, as comparsas e os seus versos nos que se ridiculizan ou se enxalzan os aconteceres locais durante o transcurso do ano. Quizais o máis atractivo sexa a danza das máscaras que, "caxato" en man, bailan con gran elegancia. A danza ao estilo de bailes típicos, como a muiñeira, ten a súa entrada e saída.

En Manzaneda distínguese folián e foliada, esta última componse do folián, as mázcaras e a comparsa. Tamén se fai en ocasións a lectura do testamento. O martes de Entroido ten lugar a concentración de foliáns na vila, rematando nunha comida popular, como non, a base de porco.

## OURENSE.

Na capital provincial ten lugar un concurrido Carnaval de corte urbano, ou moderno, cuxo día grande é o martes. A principal atracción consiste nun desfile de carrozas, premiando os máis sobresalientes. As rúas centrais da cidade son un marea de xente, disfrazada ou espectadora.

A festa celébrase baixo os auspicios municipais, así como a súa organización.



## ALLARIZ.



Ten como personaxe a **CHARRÚA**, cuxa vestimenta é inespecífica; pode levar calquera roupa, sempre que sexa de moito colorido, tocándose cunha monteira. O sombreiro está decorado a base de cartaces de cores. Tamén leva pelicas e cencerros. Van gritando "Charrúa merda crúa"



## BANDE

En Bande "Os troteiros" son uns disfraces de entroido que se están recuperando despois de 60 anos.



Os troteiros levaban unha bara, como se pode ver na fotografía e corrían polos camiños meténdose coas mulleres e os vellos. Ao parecer xa saían en Bande despois de reis, segundo Bouza Brey. A súa indumentaria non era especial, pero o normal era envolverse nun cobertor ou nunha "sábana", levaban caretas feitas na casa de cartón, con campás arredor. O sombreiro lévano adornado con postais e espellos, seguramente para protexerse do mal de ollo ou doutros perigos", a cara cóbrena con

tapetes bordados.

Gozaban do privilexio da impunidad, por exemplo levantaban as saias das mulleres. O nome Troteiro ven de trouleo ou trote polas rúas e polos camiños.

